



Concello de Sober

Bases Certame de Poesía. Nadal 2022

- 1. Requisitos dos participantes:** Poderán participar neste certame os nenos e nenas e xóvenes do Concello de Sober, que entren dentro das categorías establecidas e elaboren unha poesía sobre o tema xenérico de "O Nadal"
- 2. Categorias:** Establécense catro categorías: A ata 8 anos; B de 9 a 11 anos; C de 12 a 16 anos; e D a partir de 17 anos.
- 3. Prazo de presentación e solicitudes:** O prazo de presentación remata o 22 de decembro, debendo ser entregados polos seus autores na BPM de Sober. Todos os traballos irán acompañados dos datos do/a autor/a. Os poemas serán redactados en galego, cunha extensión máxima de un folio, por unha soa cara.
- 4. Criterios de Valoración:** O tema de valoración será alegórico ao ambiente propio das Festas de Nadal e valoraranse as candidaturas tendo en conta especialmente os seguintes criterios:
 - Orixinalidade: Puntuación 0-5 puntos.
 - Calidade artística. Puntuación 0-5 puntos.
 - Esforzo. Puntuación 0-5 puntos.
- 5. Xurado:** As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. O xurado será integrado polos seguintes membros:
 - Tres representantes do Concello de Sober
 - Unha persoa experta en Fotografía
- 6. Dotación de premios:** Concederanse TRES PREMIOS e cada un dos gañadores recibirá diploma e lote de libros.

Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo.
- 7. Protección de Datos:** Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos perosais é: Concello de Sober, con dirección Praza do Concello s/n, 27460 – Sober (Lugo).

Contacto: www.concellodesober.com
- 8. Aceptación:** A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases